



N. Expediente	2693/2023
F. Apertura	09/08/2023
Serie documental	S0269 - Contratacións de servizos por procedemento aberto
Asunto	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS 2024
Trámite	Memoria

De conformidade co disposto nos artigos 28 e 99 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014, elabórase a correspondente memoria xustificativa da necesidade do contrato da prestación na anualidade de 2024 mediante procedemento aberto simplificado do contrato de servizos correspondente aos traballos

- TRABALLOS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN (de 5 MEMBROS POR XORNADA) NO CONCELLO DE POIO AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO COA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL.

1.- Necesidade de execución da obra e competencia:

O Concello de Poio, de conformidade co disposto no artigo 25.2.f) da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local ten competencia nos servizos de prevención e extinción de incendios, como así se establece tamén no artigo 7 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

2. Idoneidade

Entendida como a adecuación existente entre o obxecto e o contido da presente contratación, queda, por tanto, debidamente acreditada xa que, a través da mesma, inclúense todos os elementos e recursos precisos, tanto material como humanos, para a adecuada prestación dos servizos obxecto do contrato.

3. Eficiencia da contratación

Ao non dispoñer este Concello dos medios materiais e persoais necesarios para o cumprimento das diferentes prestacións propón a contratación externa, desde o punto de vista da proporcionalidade e de eficiencia, eficacia e economía nos fondos públicos.

En canto á eficiencia da contratación, entendida como a capacidade para alcanzar os obxectivos previstos co menor custe posible, considérase que se encontra xustificada toda vez que se especifican de forma detallada os medios persoais e materiais que se consideran ineludibles para o desenvolvemento do servizo previsto.

Igualmente, sinalar que en anos anteriores este Concello, para poder dar cumprimento ao Convenio interadministrativo asinado coa Consellería do Medio Rural, procedía á contratación laboral de persoal para poder adscribir ao servizo de prevención e extinción de incendios, quedando acreditado a través dos distintos expedientes tramitados polo Servizo de Persoal, que nos últimos anos produciuse unha redución de candidatos e candidatas que se presentan a este tipo de convocatorias, o que provoca que as brigadas

Concello de Poio

Praza do Mosteiro, Nº1, Poio. 36995 (Pontevedra). Tfno. 986770001. Fax: 986771277





non se cubran cos compoñentes obrigatorios, ou cubríndose nun principio, quedan ao descuberto na metade da campaña, motivada por renuncias dos compoñentes, por interesarse noutro tipo de traballos, o que provoca que se teña que parar a operatividade da brigada ata que se volva a completar cos medios mínimos. Esta reposición de efectivos, realizábase anteriormente cos candidatos e candidatas, das listas de agarda dos procesos selectivos, pero ultimamente ao reducirse o número de aspirantes, en ocasión non existen estas listas, tendo que proceder o Concello en época estival, a unha nova convocatoria, o que supón destinar máis tempos e esforzos do persoal propio, para estas tarefas con realización de traballos extraordinarios, suspensión de vacacións... o que supón o incremento do gasto público.

Igualmente, unha das consecuencias que orixina a falta de operatividade das brigadas é que ao final do período de contratación non se cumpran coas obrigas mínimas de roce establecidas por convenio, o que implica a minoración da subvención concedida a través do convenio.

Polo que, con este contrato o que se pretende é paliar a problemática da contratación das brigadas e cumprimento dos obxectivos do convenio.

4.- Contido - Obxecto do contrato:

Aos efectos de concreción e determinación do obxecto do contrato faise constar que o obxecto do contrato está constituído polos traballos ou actuacións de defensa contra os incendios forestais (labores de vixilancia e extinción) realizados a través dunha brigada integrada por cinco membros por xornada de traballo, así como a realización das labores de prevención (labores de roza) e demais obrigas previstas no convenio.

5.-Duración:

O prazo de execución do servizo establécese en 3 meses, debendo iniciarse a prestación do servizo, con operatividade da brigada o 1 de xullo de 2024.

6.- Xustificación do procedemento empregado:

A contratación da execución dos servizos correspondentes aos traballos - actuacións de prevención e defensa contra os incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa composta por cinco membros por xornada de traballo realízase de conformidade co artigo 159 da LCSP, mediante procedemento aberto simplificado.

7.- Valor estimado, orzamento de licitación e aplicacións orzamentarias:

O valor estimado do contrato ascende a cantidade de **38.842,98 € (sen engadir iva)**.

O orzamento base de licitación (gasto máximo autorizado) para este contrato determinado de conformidade co previsto no artigo 100 da LCSP queda fixado na cantidade de 47.000 € - I.V.E. e demais tributos incluídos determinado de conformidade cos prezos de mercado resultantes do custo de execución do contrato en exercicios anteriores, e cos custos salariais estimados a partir do convenio laboral aplicable.

O importe da adjudicación abonarase con cargo ao orzamento do Concello, existindo crédito adecuado e suficiente para financiar a aportación municipal ás obrigacións derivadas do convenio e deste contrato, tal e como consta na aprobación do orzamento, na aplicación orzamentaria 1360.22799

8.- Lugar de prestación:

Concello de Poio

Praza do Mosteiro, Nº1, Poio. 36995 (Pontevedra). Tfno. 986770001. Fax: 986771277





Concello de Poio.

9.- División en lotes:

O obxecto deste contrato non se divide en lotes ao amparo do disposto no artigo 99.3.b) da LCSP por canto a execución do obxecto deste contrato prevista no convenio non permite a súadivisión ao estar previsto no convenio que ambos traballos de extinción e prevención se realicen pola mesma brigada.

10.- Responsable do Contrato:

D. Manuel Domínguez Álvarez, Concelleiro de Medio Ambiente.

11.- Órgano de contratación:

O órgano de contratación competente é a Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto de delegación de competencias de data 28 de xuño de 2023.

12.- Insuficiencia de medios:

O Concello de Poio de conformidade co disposto no artigo 116.4 da LCSP pon de manifesto que non conta cos medios necesarios para levar a cabo o servizo polo que se estima necesaria a súa licitación a través do correspondente procedemento de contratación.

Asinado dixitalmente á marxe na data indicada

O Alcalde

Angel Moldes Martínez

O Concelleiro de Medio Ambiente

Manuel Domínguez Álvarez

